



CONVENIO DE COLABORACIÓN INSTITUCIONAL ENTRE O CONCELLO
DE PONTEVEDRA E CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L.

En Pontevedra, a 22 de xuño de 2016.

DUNHA PARTE,

Don Miguel Anxo Fernández Lores, con DNI nº: [REDACTED] en nome e representación do Excmo. Concello de Pontevedra, con CIF: P-3603800-H, e domicilio en Michelena, 30, actuando en calidade de Alcalde, en virtude das atribucións que lle son outorgadas polo artigo 124 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, delegada a competencia segundo o decreto nº 13004761, do 15 de maio de 2013.

(En adiante, "o Concello").

DOUTRA PARTE,

Es Antonio Viejo Puga, con DNI [REDACTED] en nome e representación de CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L., titular do CIF B-70313507, con domicilio social en A Coruña, Rúa José María Rivera Corral, número 6.

(En adiante, "a Empresa").

Ambos os comparecentes, na representación que ostentan, e coa capacidade legal que teñen e que mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

- I. Que, de conformidade co disposto nos artigos 25.1 e 2 da LRBRL e 80.1 e 2 da LALG, respectivamente, o Concello ten como competencias, no municipio de Pontevedra, entre outras, a promoción da actividade turística de interese e ámbito local, e a promoción da cultura e equipamentos culturais.
- II. Que, no exercicio das devanditas competencias, o Concello está interesado en promover distintas festas e proxectos e actividades culturais e de promoción turística na cidade de Pontevedra.
- III. Que, á súa vez, a Empresa está interesada en prestar a súa colaboración ao Concello no fomento e apoio de festas, proxectos e actividades socioculturais e de promoción turística e, no seu caso, desenvolvemento dos mesmos, e, en particular, das actividades previstas na celebración do Verán Cultural -Festas de Verán, entre as que se inclúe, entre outras, a XVII edición da Feira Franca de Pontevedra, nos termos dispostos no presente documento.



IV. Que, o artigo 88 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de enero. establece que as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso preveña a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou insertarse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non á resolución que lles poña fin.

V. Que a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, trala súa modificación operada pola Lei 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización e Sostenibilidade da administración local, atribúe aos Concellos, capacidade para promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

VI. Que, a tales efectos, sobre a base do exposto e á vista da existencia de intereses comúns entre as partes intervincentes, estas subscriben o presente **CONVENIO DE COLABORACIÓN INSTITUCIONAL** (en adiante, "o *Convenio*"), que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o **CONCELLO DE PONTEVEDRA** e **CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L.** a fin de fomentar, impulsar e apoiar actividades socioculturais e de promoción turística en Pontevedra e, en particular, as actividades previstas na celebración do **Verán Cultural -Festas de Verán**, entre as que se inclúe, entre outras, a XVII edición da Feira Franca de Pontevedra.

SEGUNDA.- Natureza e fins do Convenio

O presente Convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP).

As aportacións voluntarias da Empresa reguladas na Cláusula Terceira do Convenio, teñen por finalidade contribuír co Concello á promoción e desenvolvemento de eventos e/ou proxectos socioculturais ou de promoción turística na cidade que poidan ser considerados de interese xeral, sen que, en ningún caso, exista unha contraprestación ás devanditas aportacións da Empresa.



Para a súa aprobación, o Concello seguiu a tramitación legalmente establecida na normativa que lle resulta aplicable.

TERCEIRA.- Compromisos da Empresa

En virtude do presente Convenio, a Empresa achegará, de forma voluntaria, a cantidade de VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS EUROS (24.200.-€), para contribuír aos gastos relativos ás actividades realizadas polo Concello no desenvolvemento de festas, proxectos e actividades socioculturais e de promoción turística da cidade, e, en particular, das actividades previstas na celebración do Verán Cultural -Festas de Verán, entre as que se inclúe, entre outras, a XVII edición da Feira Franca de Pontevedra, consideradas de interese



As aportacións da Empresa realizaranse no prazo e na data que o Concello e a Empresa establezan de mutuo acordo, que se fará efectiva mediante transferencia bancaria nunha conta bancaria aberta a nome do Concello de Pontevedra.

Unha vez realizada a transferencia, o Concello remitirá á Empresa a correspondente certificación xustificativa da recepción das aportacións que traen causa do presente Convenio, ou documentación xustificativa de similar natureza.

O Concello asumirá todo o concernente á organización, coordinación e desenvolvemento destas actividades e festas (infraestruturas, necesidades técnicas de produción, publicidade, permisos, venda de entradas, dereitos de autor e seguridade), liberando á Empresa de calquera responsabilidade derivada das mesmas.

CUARTA.- Compromisos do Concello

O Concello asume expresamente os seguintes compromisos:

- Considerar á Empresa como colaborador institucional do Concello dos eventos, festas, proxectos e actividades socioculturais e de promoción turística da cidade, e, en particular, das actividades previstas na celebración do Verán Cultural -Festas de Verán, entre as que se inclúe, entre outras, a XVII edición da Feira Franca de Pontevedra, e incluír, na devandita condición de colaborador institucional, a colocación de elementos distintivos do seu grupo empresarial, nos programas e calquera soportes dos mesmos, e iso na forma e entidade que o propio Concello considere e estime en cada caso.
- Permitir á Empresa, na súa condición de colaborador institucional do Concello, a colocación de elementos distintivos do seu grupo empresarial, en recintos e/ou lugares onde se celebren espectáculos, eventos ou actividades incluídos nos programas e a oferta dos eventos e festas obxecto do presente



Convenio, na forma en que o propio Concello considere e estime en cada caso.

Incluír á Empresa en calquera enumeración de colaboradores institucionais a nivel xeral que realice o Concello.

Así mesmo, o Concello emitirá á Empresa, á finalización ou termo deste Convenio, unha certificación informativa sobre os proxectos ou eventos aos que foi destinada a aportación da Empresa no marco do mesmo.

QUINTA.- Vixencia

O presente Convenio entrará en vigor no momento da súa firma e finalizará o 31 de decembro de 2016, aínda que, será prorrogado tácitamente, por períodos anuais salvo comunicación fidedigna en contrario, remitida por calquera das partes a outra, con, polo menos, UN (1) MES de antelación ao cumprimento do período inicial establecido, ou de calquera das súas prórrogas.

SEXTA.- Modificacións

No caso de que as partes acordasen a modificación dalgunha das cláusulas do presente Convenio, dita modificación deberá formalizarse mediante unha Addenda ao mesmo.

SÉTIMA.- Protección de datos.

O Concello e a Empresa comprométese a garantir todas as medidas necesarias ao obxecto de asegurar o tratamento automatizado de datos de carácter persoal que puidese ser necesario realizar como consecuencia do desenvolvemento do presente Convenio, e que se rexerá conforme ao establecido na lexislación vixente.

ÓTAVA.- Causas de resolución.

O presente Convenio poderá resolverse por algunha das seguintes causas:

- Mutuo acordo da partes.
- Incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no presente Convenio.

NOVENA.- Alcance e controversias

O Concello e a Empresa non asumen ningún outro compromiso que non se atope recollido no presente Convenio.

Non obstante o anterior, as partes comprométese a tratar de solucionar de boa fe calquera controversia xurdida entre elas por razón dos termos, interpretación ou execución do presente Convenio, así como a facer os seus mellores esforzos por adoptar os acordos e por en marcha as iniciativas



CONCELLO DE
PONTEVEDRA




necesarias para o cumprimento e desenvolvemento do mesmo. Na súa falta, serán competentes para coñecer das cuestións litixiosas relativas ao Convenio, os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativa que resulten competentes.

DÉCIMA. Lexislación aplicable

O presente Convenio se interpretará de conformidade coa lexislación española. En particular, este convenio ten natureza de convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral ó amparo do art. 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen finalidades lucrativas e dos incentivos fiscais ó mecenazgo.

E, en proba de conformidade, o Concello e a Empresa asinan o presente Convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, e en todas as súas follas, no lugar e a data establecidos.

CONCELLO DE PONTEVEDRA



D. Miguel Anxo Fernández Lores

CORPORACIÓN
HIJOS DE RIVERA S.L.



D. Antonio Viejo Puga

